

# TRABALLO DE FIN DE GRAO

---

## GRAO EN FISIOTERAPIA

### O coñecemento acerca da Fisioterapia no mundo rural galego: Un proxecto de investigación

Physiotherapy knowledge in the rural Galician world: An investigation project

El conocimiento acerca de la Fisioterapia en el mundo rural gallego: Un  
proyecto de investigación

**ALUMNO** – Diego Maceira Saya

**DNI** – 32720931G

**DIRECTORA** – Isabel Raposo Vidal

**CONVOCATORIA** – Xuño 2020



## **AGRADECEMENTOS**

Aos meus avós, por inculcarme a idea de realizar este traballo.

A Isabel Raposo, por facelo posible.

E á xente do rural.

## ÍNDICE

<b>1. RESUMO</b> .....	4
<b>1. SUMMARY</b> .....	5
<b>1. RESUMEN</b> .....	6
<b>2. INTRODUCCIÓN</b> .....	7
2.1. TIPO DE TRABAJO .....	7
2.2. MOTIVACIÓN PERSOAL .....	7
<b>3. CONTEXTUALIZACIÓN</b> .....	8
3.1. FISIOTERAPIA, CIENCIA, E PROFESIÓN.....	8
3.2. EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA FISIOTERAPIA EN ESPAÑA .....	9
3.3. A FISIOTERAPIA EN GALICIA E OUTROS SABERES .....	11
3.4. O OUROVELLO.....	13
3.5. XUSTIFICACIÓN DO TRABAJO.....	15
<b>4. HIPÓTESE E OBXECTIVOS</b> .....	16
4.1. PREGUNTA DE INVESTIGACIÓN .....	16
4.2. OBXECTIVOS.....	16
<b>5. METODOLOXÍA</b> .....	17
5.1. ESTRATEXIA DE BÚSQUEDA BIBLIOGRAFICA.....	17
5.2. ÁMBITO DE ESTUDO .....	18
5.3. PERÍODO DE ESTUDO.....	18
5.4. TIPO DE ESTUDO.....	18

5.5. CRITERIOS DE SELECCIÓN.....	19
5.6. XUSTIFICACIÓN DO TAMAÑO MOSTRAL.....	19
5.7. SELECCIÓN DA MOSTRA.....	19
5.8. DESCRICIÓN DAS VARIABLES A ESTUDAR.....	20
5.9. MEDICIÓN E INTERVENCIÓN.....	23
5.9.1. Medición.....	23
5.9.2. Intervención.....	23
5.10. ANÁLISE ESTATÍSTICO DOS DATOS.....	24
<b>6. CRONOGRAMA E PLAN DE TRABAJO.....</b>	<b>27</b>
6.1. CRONOGRAMA.....	27
6.2. PLAN DE TRABAJO.....	28
<b>7. ASPECTOS ÉTICO-LEGAIS.....</b>	<b>29</b>
<b>8. APLICABILIDADE DO ESTUDO.....</b>	<b>30</b>
<b>9. PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS.....</b>	<b>31</b>
<b>10. MEMORIA ECONÓMICA.....</b>	<b>32</b>
10.1. RECURSOS NECESARIOS.....	32
10.2. DISTRIBUCIÓN DO PRESUPOSTO.....	33
<b>11. BIBLIOGRAFÍA.....</b>	<b>34</b>
<b>12. ANEXOS.....</b>	<b>36</b>

## 1. RESUMO

**INTRODUCCIÓN** – Historicamente, a aplicación de medios físicos para a curación de lesións e enfermidades é un saber que se estende na humanidade dende a época prehistórica. Durante o seu transcurso, foron diferentes profesionais os que fixeron uso destes medios, ata chegar hoxe en día á figura do fisioterapeuta.

En Galicia, e no momento presente, o coñecemento sobre a Fisioterapia e a presenza do fisioterapeuta difire segundo se fale de medio urbano ou medio rural. Así, a Galicia rural presenta uns trazos identitarios, tanto no relativo á poboación como aos saberes e prácticas sanitarias.

**OBXECTIVO** - O obxectivo do estudo será determinar cal é o coñecemento acerca da Fisioterapia que presentan os habitantes do mundo rural galego, así como coñecer tanto a súa experiencia co mundo da Fisioterapia como a relación que manteñen cos saberes tradicionais precursores da mesma.

**MATERIAL E MÉTODOS** – Exporase un estudo histórico-descriptivo sobre o coñecemento da Fisioterapia nunha zona xeográfica rural galega, onde os seus participantes, a través dunha enquisa, responderán unha serie de preguntas que tratarán de establecer cal é o seu coñecemento actual acerca do mundo da Fisioterapia.

**PALABRAS CLAVE** – *Fisioterapia, Coñecemento, Compostor, Galicia, Historia*

## 1. SUMMARY

**INTRODUCTION** - Historically, the application of physical means for healing injuries and illnesses is knowledge that has been understood by the humanity from prehistoric times. During its course, there were different professionals that made use of these means, until arriving to today's figure of the physiotherapist.

In Galicia, at the present time, the knowledge about Physiotherapy and the presence of physiotherapists is different according to if we talk about rural or urban environment. Thus, rural Galicia has its own characteristics, both in relation to the population and to health knowledge and practices.

**OBJECTIVE** – The objective of this study will be to determine the degree of knowledge about Physiotherapy presented by the inhabitants of the Galician rural world, as well as knowing both their experience with the world of physiotherapy and the relationship they have with the traditional knowledge that is the precursor of physiotherapy.

**MATERIAL AND METHODS** – This work presents a historical-descriptive study on the knowledge of Physiotherapy in a rural Galician geographical area. On this study, the participants, through a survey, will answer a set of questions that will try to establish what is the current knowledge about the world of Physiotherapy.

**KEY WORDS** – *Physiotherapy, Knowledge, Healer, Galicia, History*

## 1. RESUMEN

**INTRODUCCIÓN** – Históricamente, la aplicación de medios físicos para la curación de lesiones y enfermedades es un saber que se extiende en la humanidad desde la época prehistórica. Durante su transcurso, fueron diferentes profesionales quienes hicieron uso de estos medios, hasta llegar hoy en día a la figura del fisioterapeuta.

En Galicia, y en el momento presente, el conocimiento sobre la Fisioterapia y la presencia del fisioterapeuta difiere según se hable de medio urbano o medio rural. Así, la Galicia rural presenta unos trazos identitarios, tanto en lo relativo a la población como a los saberes y prácticas sanitarias.

**OBJETIVO** - El objetivo del estudio será determinar cuál es el conocimiento acerca de la Fisioterapia que presentan los habitantes del mundo rural gallego, así como conocer tanto su experiencia con el mundo de la Fisioterapia como la relación que mantienen con los saberes tradicionales precursores de la misma.

**MATERIAL Y MÉTODOS** – Se expondrá un estudio histórico-descriptivo sobre el conocimiento de la Fisioterapia en una zona geográfica rural gallega, donde sus participantes, a través de una encuesta, responderán una serie de preguntas que tratarán de establecer cuál es su conocimiento actual acerca del mundo de la Fisioterapia.

**PALABRAS CLAVE** – *Fisioterapia, Conocimiento, Compostor, Galicia, Historia*

## 2. INTRODUCCIÓN

### 2.1. TIPO DE TRABALLO

Proxecto de investigación interpretativo de corte histórica sobre o coñecemento e situación da Fisioterapia nun medio rural. Supón a posibilidade de identificar nun medio rural galego os elementos que a definen como ciencia, profesión e disciplina.

### 2.2. MOTIVACIÓN PERSOAL

A motivación persoal que me levou á realización deste traballo reside na miña íntima relación que manteño co mundo rural galego, pois aínda que son nado en Ferrol, teño a sorte de ser neto de avós e de avoas que viviron gran parte ou a totalidade da súa vida no Ourovello, aldea coruñesa onde se pretende realizar o proxecto de investigación.

Durante a miña infancia e a miña adolescencia, foron eles os que me inculcaron a curiosidade en coñecer máis acerca deste mundo e acerca dos seus saberes tradicionais. Eles, e as súas historias.

A historia de como meu avó, tras romper os ósos da perna, acudiu ao compostor da vila, e a día de hoxe xa non recorda se foi na dereita ou na esquerda do ben que lle quedou; ou a historia de como miña avoa, aos seus 90 anos de idade, segue baseando o tratamento da súa artrose unicamente nun unguento feito de plantas medicinais e graxa de cabalo.

Foron eles os que me acercaron e me deron a coñecer o mundo rural galego e a súa medicina popular. Que menos que, como neto de labregos, tratar de devolverlles unha mínima parte do que eles fixeron por min, e tentar así de acercar a Fisioterapia a este mundo rural galego.



## 3. CONTEXTUALIZACIÓN

### 3.1. FISIOTERAPIA, CIENCIA E PROFESIÓN

A Fisioterapia, segundo a World Confederation for Physical Therapy (WCPT), defínese como *‘O conxunto de métodos, actuacións e técnicas que, mediante a aplicación de medios físicos, curan, preveñen, recuperan e adaptan a persoas afectadas de disfuncións somáticas, psicosomáticas e orgánicas ou ás que se desexa manter nun nivel axeitado de saúde’*.<sup>(1)</sup> Esta descrición, subscrita pola Asociación Española de Fisioterapia (AEF) no ano 1987, é o resultado dun longo proceso de evolución histórica onde a Fisioterapia tivo que construír un corpo de coñecemento propio, definindo e estipulando as súas esferas conceptual, académica, científica e profesional.<sup>(2)</sup>

No ano 2013, a American Physical Therapy Association (APTA) designou o *‘Sistema de Movemento’* como o sinal de identidade da Fisioterapia. A adopción deste sistema permite á Fisioterapia abrazar un corpo de coñecemento propio e concreto, facilmente identificable coa profesión, e onde os fisioterapeutas tomarán o papel protagonista na optimización e restauración da función, na prevención de disfuncións e na promoción xeral da saúde.<sup>(3,4)</sup> Son os ámbitos asistencial, docente, de xestión e/ou investigación onde os fisioterapeutas desenvolverán este labor.<sup>(5)</sup>

A Fisioterapia como ciencia e profesión conta coa súa propia historia. Segue un camiño semellante a outras ciencias, coas súas propias diferencias cronolóxicas, controversias ideolóxicas e vicisitudes de diversa índole socioeconómica, política e cultural.<sup>(2)</sup> Isto dará lugar ao seu estudo dende unha vertente interdisciplinar e multidimensional, cuxa forma de abordaxe será a través do enfoque Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade (CTS), o cal constituirá o marco teórico-conceptual da Fisioterapia. Esta nova forma de construción do coñecemento afecta non só aos coñecementos que se producen, senón tamén a como se producen, a como se organizan e ao contexto no que se realizan. É dicir, a Fisioterapia concíbese como unha ciencia onde se produce unha continua interrelación tanto coa sociedade e a cultura como cos elementos tecnolóxicos; de aí que a investigación histórica sobre a Fisioterapia supoña considerar aspectos intrínsecos á ciencia, pero tamén elementos de carácter sociocultural e tecnolóxicos.<sup>(2,6)</sup>

### 3.2. EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA FISIOTERAPIA EN ESPAÑA

Para analizar a historia da Fisioterapia, débese ter en conta en todo momento a súa dualidade intrínseca, xa que non é o mesmo falar dos inicios da Fisioterapia como ciencia que dos seus inicios como profesión, ao mesmo tempo que na etapa histórica actual, non se entende a unha sen a outra. Aínda que é innegable que, en termos de ciencia, a aplicación de medios físicos para o tratamento de lesións e enfermidades (tal e como indica a etimoloxía da palabra *fisioterapia*) é un recurso presente xa dende a prehistoria, os primeiros sinais de identidade da Fisioterapia como profesión en España, e partir dos cales realizaremos a nosa análise histórica, aparecen baixo a figura do practicante, no século XIX. Atopámonos nunha época na que conflúen ao mesmo tempo curandeiros, masaxistas ou sanadores, mais unicamente a figura do practicante será profesionalizada baixo a *Lei de Instrución Pública de 1857*.<sup>(6-8)</sup> Trátase dunha profesión cun carácter auxiliar da medicina, onde as habilidades manuais constituían o seu perfil distintivo. Entre outras funcións, debía ser un profesional que dominase a '*arte dos vendaxes*' e a '*arte dos masaxes*'.<sup>(5)</sup>

Esta figura do practicante estaría presente na sociedade española ata ben entrados na metade do século XX. Non obstante, explicar a evolución da Fisioterapia no século XX implica tamén explicar unha serie de factores e acontecementos históricos que propiciaron e potenciaron o desenvolvemento da profesión.

Por un lado, os avances en medicina e cirurxía, xunto co progreso tecnolóxico da época, aumentan as expectativas de vida, aumentando á vez o número de pacientes con enfermidades crónicas e limitacións funcionais.<sup>(6)</sup>

Tamén nos atopamos nun período de próspero desenvolvemento económico. A aparición de automóbiles, a mecanización do campo ou o auxe das fábricas darán lugar a numerosas lesións do aparello locomotor, as cales van necesitar de rehabilitación conservadora ou pos-cirúrxica.<sup>(6)</sup>

Entre os factores sociopolíticos, atopámonos nunha primeira metade de século marcada polas guerras: Primeira Guerra Mundial, Segunda Guerra Mundial, Guerra Civil Española, etc. Todo isto provocará á súa vez un gran aumento de secuelas físicas, discapacidades e invalideces.<sup>(6)</sup>

Neste marco, o auxe da Fisioterapia xorde debido á necesidade de incorporar á poboación activa a todas aquelas persoas inválidas, xa que supoñían un dobre problema económico:

- Non podían axudar á familia economicamente, pois non podían realizar un traballo profesional.
- Supoñían un esforzo económico ao estado, en forma de medicamentos, hospitalizacións ou pensións.

Dado que moitos dos inválidos eran debido a causa motora, interesaba a Fisioterapia para liberar á familia, á comunidade e á nación da carga económica que estes supoñían.<sup>(6)</sup>

Un último factor relacionado coa saúde e cunha forte repercusión social, e que tivo ademais unha importante influencia no desenvolvemento da Fisioterapia en España, foi a poliomielite. Dende 1916 (primeiro brote de poliomielite en España) ata 1979 (último caso rexistrado), esta enfermidade serviu de desenvolvemento á Fisioterapia debido á gran variedade e gravidade de secuelas en diferentes aparellos e sistemas que provocaba, as cales eran tratadas mediante axentes físicos. O resultado de todo isto foi a perfección de moitas técnicas, especialmente das técnicas de electroterapia, que posteriormente serían aplicadas noutras patoloxías.<sup>(6,9)</sup>

Situámonos pois na segunda metade do século XX. No ano 1953 unificaríanse as ensinanzas de enfermeiras, practicantes e matronas, creando o novo título de Axudante Técnico Sanitario (ATS), e catro anos máis tarde, baixo o *Decreto do 26 de Xullo de 1957*, estableceríase a figura do Axudante de fisioterapeuta. Esta especialización de fisioterapia para os ATS nacería como resposta a todos os factores técnicos, sociopolíticos, económicos e culturais anteriormente mencionados. Ademais, é un período onde se sucede ao mesmo tempo unha grande demanda social de rehabilitación xunto cunha escaseza de profesionais capacitados para suplila.<sup>(5,6)</sup>

Nesta época, a Fisioterapia é unha profesión que, aínda estando especializada, estaba vinculada á figura do ATS e tiña que estar sempre baixo a dirección médica. Así é o marco da Fisioterapia ata 1980, o denominado marco teórico tradicional: a visión do fisioterapeuta como un mero aplicador de técnicas dependente da prescrición doutro profesional. Isto provoca que o proceso de institucionalización da Fisioterapia aconteza nun contexto onde as dificultades para o avance como profesión e ciencia estaban relacionadas coa dependencia académica e disciplinar doutro saber.<sup>(6,7)</sup>

Trátase dunha etapa de escurantismo, onde o acontecemento principal é a constitución da Asociación Española de Fisioterapeutas (AEF), no ano 1969. Esta asociación nace cos obxectivos de lograr a unidade de todos os fisioterapeutas, integrar a Fisioterapia española nos organismos oficiais e internacionais, promover a formación, defender o colectivo ante a administración e promover os estudos universitarios.<sup>(6,7,10)</sup>

Polo tanto, a Fisioterapia loita nesta época por alcanzar un campo de acción e de coñecemento propio, procurando establecerse como ciencia e profesión independente ao mesmo tempo que trata de desmarcarse da enfermería e da medicina. Como feitos a destacar, potenciados en gran parte pola acción da AEF, cabe mencionar a celebración do I Congreso Nacional de Fisioterapia para ATS en Barcelona (1969), o ingreso da AEF na WCPT (1974) ou a creación da primeira publicación científica para fisioterapeutas: a revista *Fisioterapia* (1979).<sup>(7,10)</sup>

Todas estas reivindicacións terán a consecución do seu obxectivo no ano 1980, onde mediante o *Real Decreto 2965/1980* certifícase a integración dos estudos de fisioterapia na universidade como estudos independentes. Nace así o Título de Diplomado en Fisioterapia.<sup>(7)</sup>

Diferentes fitos neste período culminarán a independencia da Fisioterapia, tales como a definición das súas áreas de coñecemento (*Real Decreto 1888/84*) ou a capacidade de formar un Departamento Universitario. Así, coa creación da Área de Coñecemento de Fisioterapia, recoñécese a capacidade da mesma para organizar e desenvolver a investigación e a docencia propias da súa área de actuación. Isto significará a súa consagración definitiva como ciencia autónoma.<sup>(6)</sup>

Polo tanto, iníciase neste momento o marco teórico actual da Fisioterapia, o cal vén determinado polo cambio de paradigma científico: unha nova forma de ver, entender e practicar a Fisioterapia de maneira independente e autónoma, sustentada en principios de ciencia.

### 3.3. A FISIOTERAPIA EN GALICIA E OUTROS SABERES

Os fitos que marcan a historia da nosa disciplina en Galicia poderían resumirse en dous:

Por un lado, o proceso de creación dunha Escola Universitaria de Fisioterapia, iniciado en 1976, veríase culminado nos anos 1990 e 1995, coa creación das Escolas Universitarias de Fisioterapia de A Coruña e Pontevedra, respectivamente.<sup>(11)</sup>

O segundo fito destacable sería a creación do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia (COFIGA), en marzo de 1999, tras longos anos de trámites e xestións.<sup>(11)</sup>

Observamos entón que a Fisioterapia en Galicia, na súa dualidade de ciencia e profesión, e como saber divulgado a través da universidade, abrangue aproximadamente os últimos 30 anos.

Con maior expresión durante a primeira metade do século XX, en Galicia convivía a biomedicina coa menciña popular e máxica, especialmente no medio rural, dado a escaseza de medios e as deficiencias do transporte. A pesar dos avances da ciencia e das profesións, as aldeas galegas contaban con curadores locais que en moitos dos casos utilizaban os axentes físicos.<sup>(12)</sup> Consecuentemente, a análise da Fisioterapia en Galicia, baixo un marco conceptual e histórico, require da consideración doutros profesionais antecesores do quefacer do fisioterapeuta. Baixo distintas denominacións conviviron e conviven cos fisioterapeutas, sendo curadores formados de xeración en xeración dende hai moitos séculos pola transmisión oral de mestre a discípulo. Entre os que comparten cos fisioterapeutas o concepto de aplicación de medios físicos para a curación de lesións e enfermidades atopamos os compostores.

Os compostores (ou *compoñedores*), ao igual que menciñeiros, meigas, bruxas ou saudadores, eran unha das pezas fundamentais da medicina tradicional galega. Esta medicina, moi arraigada na sociedade galega dos séculos pasados, fundamentábase sobre tres pilares: a maxia, a relixión e a fitoterapia. Baseábase no coñecemento popular das virtudes curativas de certas plantas e elementos naturais, onde na meirande parte das veces tal coñecemento se transmitía de pais a fillos, ou de mestres a discípulos. Noutras ocasións, o carácter máxico desta medicina facía que este coñecemento fose innato, onde o curandeiro nacía xa cun don especial, ou se aprendese a través da chamada espiritual dun santo.<sup>(12,13)</sup>

A Galicia do século XX era unha comunidade eminentemente pobre e rural, onde a maior parte da súa poboación se agrupaba en pequenas aldeas ou rueiros, moitas veces mal conectadas entre si. Nesta situación de illamento, e ante unha repentina enfermidade, acudir ao médico presentábase como unha tarefa complicada, debido ás altas taxas que este presentaba e á gran distancia que había que percorrer ata el. É entón cando se recorría ao curandeiro local, o cal a través de apócemas, conxuros ou manipulacións libraba ao veciño do seu mal.<sup>(12)</sup>

Así pois, os compostores adicábanse a curar ósos rotos, torceduras e escordaduras. Recolocaban os membros danados coas súas fortes mans e os inmovilizaban con táboas e cordas. Carecían do carácter místico e máxico dos demais curandeiros galegos; non nacían cun don especial, senón que aprendían o oficio por tradición familiar e por experiencia propia.<sup>(12)</sup> Era un saber moi arraigado á sociedade rural galega, e moi presente na súa vida diaria. Cando un fillo torcía un pé ou rompía un óso da man, ninguén pensaba en levalo ao médico nin ao fisioterapeuta, senón que acudían ao compositor da vila.

O movemento ou a inmovilización era o axente reparador que utilizaban estes curadores nas lesións ortopédicas ou traumatolóxicas, como defende o marco teórico do '*Sistema de Movemento*' no que comezaron a traballar na década dos 80 diversos fisioterapeutas americanos. Segundo este pensamento, a análise e a terapia polo movemento constitúe o núcleo principal da Fisioterapia. Os sistemas muscular, nervioso e esquelético serían os principais efectores, mentres que os sistemas endócrino, cardiovascular e pulmonar serían os responsables de achegar o osíxeno e os metabolitos necesarios para xerar e manter ese movemento.<sup>(3,4)</sup>

Polo tanto, o oficio dos compostores, no desenvolvemento de técnicas e métodos con base fisioterápica, foi unha das pezas características do mundo rural galego, especialmente no século pasado. Neste ámbito do rural, unha das miles de aldeas asentadas en Galicia foi o Ourovello, lugar escollido para o noso proxecto, e onde a través do análise da súa poboación e das súas características poderemos seguir indagando acerca destes saberes tradicionais, da figura do compostor e do mundo da Fisioterapia.

### 3.4. O OUROVELLO

No quilómetro seis da estrada de Betanzos a Vilalba, á man esquerda, e tras percorrer quilómetro e medio entre arboredo, aparece o Ourovello. O Ourovello é unha pequena aldea localizada ao norte da parroquia da Adragonte, no concello de Paderne; un recuncho da topografía galega que se axeita á perfección á definición de *Galicia rural*.

Situado a uns trinta quilómetros da cidade da Coruña, o Ourovello emerxe nunha localización enmarcada entre ríos, regachos, montes e vales, onde a cor verde tingue todo o seu arredor. Formado por trece vivendas e por un ramal que atravesa a aldea dende o sur cara o norte, o Ourovello é un claro exemplo do proceso de despoboación e desruralización que dende hai anos está a sufrir o agro galego, así como a drástica redución da natalidade que presenta Galicia en xeral. Cunha poboación a mediados do século XX de 88 habitantes repartidos en 13 familias (unha media de 6,8 persoas por núcleo familiar), o Ourovello presenta actualmente unha poboación de tan só 15 habitantes, podendo dobrar este número no caso da xente que ten no rúeiro a súa segunda vivenda.<sup>(14,15)</sup>

Esta redución da poboación e da natalidade trae consigo outra consecuencia negativa: o envellecemento. Mentres que hai 70 anos a poboación caracterizábase polas familias

numerosas, onde en cada núcleo familiar abundaban nenos, nenas, rapaces e rapazas, o Ourovello actualmente presenta unha media de idade de 66 anos, onde unicamente dous dos seus quince habitantes son menores de 40.

En canto a temas de saúde, a sanidade do Ourovello de mediados do século pasado estaba a cargo dun único médico para todo o concello. Era unha medicina exclusivamente curativa; a medicina preventiva limitábase á vacina da varíola dos nenos. No ámbito que máis nos interesa a nós, o da Fisioterapia, cabe destacar que mentres que na década dos 50 e dos 60 estíbese a impulsar en España a figura do fisioterapeuta, a súa independencia e a súa profesionalización, no Ourovello da época, ao igual que en moitos outros núcleos rurais galegos, a única figura que se lle asemellaba era a do compostor. Segundo testemuñas locais, *'o compostor compoñía articulacións estirándoas, retorcéndoas e presionando coas mans. Tamén traballaba o oficio dos vendaxes e dos unguentos'*. Na actualidade, a figura do compostor na sociedade galega está practicamente desaparecida, mais non na memoria daqueles que viviron eses tempos.<sup>(14-16)</sup>

Non obstante, ao analizar a Fisioterapia no Ourovello, observamos que, como en moitos outros concellos galegos, no Concello de Paderne non aparece a figura do fisioterapeuta por ningures, nin integrada no seu Centro de Saúde<sup>(17)</sup> nin en forma de clínica privada<sup>(18)</sup>. O servizo de fisioterapia máis próximo atopámolo a 8 quilómetros de distancia, uns 15 minutos en coche, no Concello de Betanzos.

Preséntasenos entón unha poboación sen contacto directo coa Fisioterapia, nin a través das institucións nin a través do sector privado. Ademais, trátase dunha poboación envellecida, onde máis do 50% dos seus habitantes pertencen á terceira idade, e polo tanto conviviron coa época de sanadores, compostores e menciñeiros tan típica da sociedade galega do século XX.

Todos estes factores que conflúen ao mesmo tempo no rueiro do Ourovello son os que espertan o interese da investigación en coñecer a realidade da Fisioterapia nestes núcleos rurais. Cales son as experiencias persoais da súa poboación coa Fisioterapia? Axéitase o seu coñecemento ao desenvolvemento actual da profesión? Segue a primar máis a figura do compostor que a do fisioterapeuta?

Así, a través deste pequeno análise do Ourovello e da súa poboación, serán as súas propias características socioculturais as que definan a nosa pregunta de investigación, a cal, a través da metodoloxía, trataremos de dar resposta.

### 3.5. XUSTIFICACIÓN DO TRABALLO

Este estudo xustifícase en base a:

- Que a Fisioterapia ten unha natureza intrínseca e un proceso propio de evolución que se desenvolve de xeito diferente segundo o entorno.
- O feito de que a fundamentación da Fisioterapia baséase no proceso de construción e desenvolvemento da mesma dende o seu marco teórico e pode ser sometida a investigación.
- Que a investigación sobre este saber teórico debe someterse ao método histórico como medio para dilucidar a situación e evolución da Fisioterapia nun contexto local e rural, identificando os coñecementos que hai sobre ela.
- A constatación de que son moitos os factores que influíron no avance e estado actual da Fisioterapia ao longo da historia; aspectos académicos e disciplinares, profesionais, científicos, tecnolóxicos, sociais e culturais.
- Que gran parte da realidade da Fisioterapia xustifícase polo estudo do seu coñecemento segundo a área xeográfica, momento histórico e cultural, permitindo construír deste xeito o mapa socioprofesional, académico e científico da Fisioterapia nun medio rural.
- Que, finalmente, é un estudo pertinente, viable e ten interese para o colectivo de fisioterapeutas.



## 4. HIPÓTESE E OBXECTIVOS

### 4.1. PREGUNTA DE INVESTIGACIÓN

A pregunta que se elabora no marco do método histórico e que é coherente coa metodoloxía exposta para dar resposta á mesma é:

**Cales son as experiencias nos tratamentos de lesións e doenzas dos habitantes do Ourovello vinculadas ao quefacer fisioterápico no momento presente?**

### 4.2. OBXECTIVOS

En función da pregunta de investigación, o obxectivo xeral que expoñemos é o de determinar o coñecemento da Fisioterapia nunha mostra do mundo rural galego mediante as interaccións, expresións e modos de comprender o obxecto de estudo (Fisioterapia e fisioterapeuta).

Os obxectivos específicos son:

- Identificar os determinantes dos porqués, onde, cando e cantas veces precisaron os habitantes do Ourovello dun tratamento fisioterápico.
- Constatar as experiencias de consultas subsidiarias de tratamento fisioterápico e os “profesionais” que as dispensan.
- Coñecer as patoloxías e motivos de consulta dos poboadores a un tratamento por medios físicos.
- Identificar os campos de aplicación e procedementos do marco conceptual da Fisioterapia nese medio rural.
- Determinar por análise comparativa a asociación entre as características da mostra e as experiencias e coñecemento da Fisioterapia.

## 5. METODOLOXÍA

Previamente ao desenvolvemento da metodoloxía de investigación con base na historia, procedeuse a unha busca bibliográfica sobre o fundamento teórico da disciplina fisioterapéutica en España.

Os resultados da mesma supoñen o paso preliminar á realización dunha enquisa, e a súa vez fan posible a comparativa para a explicación teórica dos sucesos feitos que se recollerán coa mesma.

### 5.1. ESTRATEXIA DE BUSCA BIBLIOGRAFICA

Para recadar a información acerca do tema principal do estudo, a busca fundamentouse en dúas fontes distintas de información; as bases de datos e os Rexistros do Concello de Paderne e da súa Biblioteca Municipal.

Nas bases de datos, relacionáronse os termos *Historia, Fisioterapia e España*. As bases de datos nas que se procuraron foron PubMed, Cochrane, Scopus, Web Of Science, PEDro, e Google Académico, dende o 20 de febreiro ata o 1 abril. A súa estratexia de busca e os seus detalles achéganse no Anexo I.

Os criterios de inclusión e exclusión empregados foron os seguintes:

#### Criterios de inclusión

- Artigos que aborden a historia, un período concreto da historia, ou o marco teórico/conceptual da Fisioterapia en España, dende o século XIX en diante.
- Artigos en inglés ou español.
- Sen límite de data de publicación.

#### Criterios de exclusión

- Artigos noutros idiomas.
- Artigos que aborden a historia ou o marco teórico/conceptual unicamente dunha rama concreta da Fisioterapia.
- Artigos que aborden a historia ou o marco teórico/conceptual da Fisioterapia noutros países.
- Artigos que aborden a historia ou o marco teórico/conceptual doutras ciencias da saúde.

A información depositada no Rexistro do Concello de Paderne e da súa Biblioteca Municipal será recompilada para o alcance dos obxectivos deste proxecto respondendo só a un termo de busca: *Fisioterapia*.

Espérase que toda esta información poida ser recollida entre os meses de febreiro e maio do ano 2020.

## 5.2. ÁMBITO DE ESTUDO

O estudo realizarase no Concello de Paderne. Solicitarase previamente ao concello permiso para a utilización do Centro de Maiores da Casa Consistorial, un espazo axeitado para a realización do estudo a través das enquisas.

## 5.3. PERÍODO DE ESTUDO

O estudo comezará en febreiro do 2020 coa procura da información necesaria para o seu desenvolvemento.

Posteriormente, en setembro do 2020, procederase á captación de participantes mediante visitas domiciliarias, realizaranse sesións de fisioterapia a través dun programa de exercicio terapéutico, efectuaranse unhas enquisas para valorar o coñecemento e as experiencias en termos de Fisioterapia que presenta esta poboación e, ao final disto, impartirase unha docencia teórico-práctica acerca da importancia da Fisioterapia e do movemento. Estes procedementos abranguerán aproximadamente o período dun mes.

## 5.4. TIPO DE ESTUDO

Tratarase dun estudo histórico-descriptivo sobre o coñecemento da Fisioterapia nunha zona xeográfica rural galega. Levarase a cabo por un único investigador.

Este estudo pertence ao grupo de estudos de corte histórica. A súa finalidade é determinar o coñecemento da Fisioterapia que poden ter os habitantes dun medio rural. Neste sentido, o deseño pertence a un estudo descriptivo exploratorio que segue un método histórico comparativo.

O método comparativo é un dos máis importantes na investigación histórica, o cal permite apoiar hipóteses sobre explicacións causais e extraer conclusións xerais sobre os feitos e fenómenos actuais con base na historia. Esta investigación histórica determínase por unha cronoloxía (realidade esperada pola situación presente da Fisioterapia) e un ámbito territorial (zona rural).

As fontes vivas expresarán a realidade da Fisioterapia non como axentes activos que a aplican, senón como receptores da mesma.

## 5.5. CRITERIOS DE SELECCIÓN

Para o relato histórico relativo ao coñecemento e desenvolvemento da Fisioterapia neste medio rural, contaremos con dúas fontes de estudos, as directas e as indirectas.

As fontes principais, que son as vivas ou directas, están conformadas pola poboación completa do ruevo do Ourovello, cun censo de 15 habitantes. Os rangos de idade cos que traballaremos abarcarán dende os 15 anos en diante, xa que a pesares de que a poboación que predomina na aldea é maior, interesa recadar a información e o coñecemento de persoas de todas as idades. O único criterio de inclusión que se lles aplicará será o feito de ter unha boa orientación cognitiva no espazo e tempo, co fin de poder realizar neles unha enquisa de calidade.

As fontes indirectas proveñen da busca bibliográfica na Biblioteca Municipal de Paderne e nos arquivos do Concello.

## 5.6. XUSTIFICACIÓN DO TAMAÑO MOSTRAL

Ao tratarse dun estudo histórico con base no marco conceptual e teórico, a mostra constituída pola totalidade dos habitantes do Ourovello xustificará a análise da súa fundamentación.

## 5.7. SELECCIÓN DA MOSTRA

A mostra constituída polos habitantes do Ourovello será seleccionada a través da participación voluntaria nun taller de fisioterapia preventiva baseado na evidencia

dispoñible. Este Programa de Promoción da Saúde constará de dous apartados interrelacionados entre si:

- a) Programa de exercicio terapéutico enfocado na forza, resistencia, equilibrio e flexibilidade. O seu deseño baséase na evidencia dispoñible.<sup>(19)</sup> (Anexo II)
- b) Formación teórico-práctica acerca da importancia da Fisioterapia e do movemento.

Debido á idade dos habitantes do Orovello, o criterio principal que seguiremos para seleccionar a mostra será que os participantes mostren unha correcta orientación cognitiva no espazo e no tempo. Determinaranse as preguntas tomando como referencia os ítem do Miniexame cognoscitivo ou Test de Lobo<sup>(20)</sup>. A través dunha conversación previa co investigador, espérase que o participante responda con claridade preguntas básicas acerca do día, mes e ano presente, lugar de residencia, ou lugar onde se atopa nese mesmo momento.

## 5.8. DESCRICIÓN DAS VARIABLES A ESTUDAR

As variables que se manexan no proceso de investigación son de dous tipos.

Por un lado, ponse atención nas características propias da mostra. Estas son:

- Sexo
- Idade
- Estudos
- Profesión (no caso de que a profesión actual do participante sexa 'xubilado', anotarase a profesión anterior á xubilación)

Por outro lado, a través da enquisa se expoñerán unha serie de variables que serán as que traten de dar resposta aos obxectivos xerais e específicos e, en resumo, que traten de dar resposta á pregunta de investigación.

Estas serán respondidas polos participantes do estudo a través de preguntas cerradas (si/non), preguntas de múltiple opción e de solo unha resposta, preguntas de múltiple opción e múltiple resposta, preguntas de valoración numérica (0-10) e preguntas abertas, onde o participante poida expresarse libremente acerca dos temas enquisados.

Estas variables, a grandes trazos, pódense clasificar en tres bloques:

### **1. Vivencias e experiencias con fisioterapeutas e co mundo da Fisioterapia**

Recádanse as experiencias propias que cada paciente poida ou puidera ter co mundo da Fisioterapia, indagando acerca de se sabe o que é un fisioterapeuta, se acudiu algunha vez a un fisioterapeuta, cantas veces acudiu ao longo da súa vida, se este foi de carácter público ou privado, a razón pola que acudiu a el, a resolución que tivo esa experiencia paciente-fisioterapeuta, ou grado de satisfacción. Tamén se lle realizará unha pregunta aberta ao paciente onde poida relatar libremente como foron esas experiencias.

### **2. Vivencias e experiencias con compostores e co mundo da medicina popular galega**

Recádanse as experiencias propias que cada paciente poida ou puidera ter co mundo da medicina popular galega, neste caso enfocada principalmente na figura do compostor. Os temas a afondar serán semellantes aos da variable anterior: búscase indagar acerca de se o participante coñece o que é un compostor, se acudiu algunha vez a el, a razón pola que acudiu e o grado de satisfacción resultante. Tamén se lle permitirá ao paciente que relate libremente esas experiencias.

Estas dúas variables relacionaranse entre si, buscando que o paciente dea a súa opinión acerca da similitude de acción e a relación existente entre a figura do fisioterapeuta e a figura do compostor.

### **3. Cuestións conceptuais acerca da Fisioterapia**

Nesta última variable, buscarase coñecer cal é a concepción do participante acerca da Fisioterapia, as ciencias coas que garda relación, as disfuncións sobre as que actúa, as técnicas de tratamento que emprega, o papel que xoga a Fisioterapia no Sistema Nacional de Saúde e no benestar da poboación e, en resumo, pescudar o seu coñecemento xeral acerca desta ciencia e profesión.

Ao igual que nos apartados anteriores, este bloque culminará cunha pregunta aberta, onde se tratará de que o participante explique con pleno detalle o que significa para el a Fisioterapia.

Estes tres bloques de variables e os seus correspondentes subgrupos recóllense na seguinte táboa.

**Táboa 1 – Variables abordadas na enquisa**

<b>Vivencias e experiencias con fisioterapeutas e co mundo da Fisioterapia</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Coñecemento da figura do fisioterapeuta</li><li>- Asistencia ao fisioterapeuta</li><li>- Nº de veces que acudiu ao fisioterapeuta</li><li>- Tipo de fisioterapeuta: público ou privado</li><li>- Razón de asistencia</li><li>- Resolución da patoloxía</li><li>- Grado de satisfacción coa experiencia</li><li>- Disposición de volver a recorrer á Fisioterapia</li><li>- Experiencia persoal (<i>pregunta aberta</i>)</li></ul>
<b>Vivencias e experiencias con compostores e co mundo da medicina popular galega</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Coñecemento da figura do compostor</li><li>- Asistencia ao compostor</li><li>- Razón de asistencia</li><li>- Resolución da patoloxía</li><li>- Grado de satisfacción coa experiencia</li><li>- Experiencia persoal (<i>pregunta aberta</i>)</li><li>- Relación e semellanza fisioterapeuta-compostor</li></ul>
<b>Cuestións conceptuais acerca da Fisioterapia</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Coñecemento acerca da Fisioterapia</li><li>- Ciencias relacionadas</li><li>- Disfuncións sobre as que actúa</li><li>- Técnicas de tratamento empregadas</li><li>- Opinión persoal acerca do papel da Fisioterapia no benestar das persoas</li><li>- Opinión persoal acerca do papel da Fisioterapia no Sistema Nacional de Saúde</li><li>- Opinión persoal acerca do que significa a Fisioterapia (<i>pregunta aberta</i>)</li></ul>

## 5.9. MEDICIÓNS E INTERVENCIÓNS

### 5.9.1. Medicións

A medición das variables do estudo levarase a cabo a través dunha enquisa (Anexo III). Esta constará de 23 ítem onde se abordarán, a grandes trazos, os temas referentes ás experiencias dos participantes con fisioterapeutas, con compostores e ao seu coñecemento xeral de cuestións fisioterapéuticas.

Posteriormente, estas enquisas serán analizadas. Así, a través de preguntas cuantitativas, cualitativas, abertas e pechadas poderemos dar resposta á pregunta de investigación.

### 5.9.2. Intervencións

As sesións de traballo para a realización deste estudo agrúpanse en tres intervencións:

1. Consulta dos fondos bibliográficos e os rexistros do Concello de Paderne e da súa Biblioteca Municipal.
2. Selección da mostra e intervención co taller de exercicio terapéutico e a docencia teórico-práctica acerca da Fisioterapia e o movemento.
3. Recollida de información coas enquisas. No caso de que no momento estas non aporten toda a información necesaria, valorarase a posibilidade de volver visitar aos participantes de maneira domiciliaria, para completar datos que non quedasen ben aclarados ou que fose preciso completar.

Estas intervencións estarán orientadas ao Programa de Promoción da Saúde, co cal se pretende captar a participación dos habitantes do Ourovello para o posterior estudo.

Un dos seus primeiros aspectos será a realización dun programa de exercicio terapéutico, o cal se prolongará ata a penúltima sesión. A través de sesións de 45', elaborárase un programa focalizado nun traballo de forza, resistencia, equilibrio e flexibilidade. Este programa adecuarase unha vez realizada a captación dos participantes en función da súa idade e do seu estado físico aparente, e poderá ser modificado ao paso das semanas, aumentando ou diminuíndo a complexidade ou intensidade dos exercicios en función das capacidades físicas da mostra.

As enquisas realizaranse ao final de cada sesión, onde tres participantes quedarán un tempo extra co investigador, o cal estará presente en todo momento para resolver calquera dúbida ou comentar aspectos relevantes. As enquisas cubriranse no propio



papel, mais as preguntas abertas, nas cales se busca a máxima expresión do participante, serán respondidas oralmente nunha conversa investigador-participante, onde o investigador gravará a resposta para un mellor e máis completo análise posterior.

A última sesión do Programa de Promoción da saúde estará conformada por unha docencia teórico-práctica acerca da importancia da Fisioterapia e do movemento. Nela, expóranse os aspectos máis básicos acerca destas temáticas, facendo fincapé na importancia e nos beneficios resultantes do exercicio físico. Tratarase de concienciar aos participantes acerca de manterse activos, de romper cos seus hábitos máis sedentarios e, en resumo, de adoptar un estilo de vida o máis saudable posible.

## 5.10. ANÁLISE ESTATÍSTICO DOS DATOS

O análise estatístico realizarase coa versión 24.0 do programa SPSS para Windows 10.

As preguntas cualitativas de carácter pechado, xa sexan de resposta *Si/Non*, de opción múltiple e solo unha resposta ou de opción múltiple e resposta múltiple, analizaranse en forma de cifras absolutas e de porcentaxes.

As preguntas cuantitativas, onde o paciente valora o grado de satisfacción do 1 ao 10 con respecto as intervencións terapéuticas, presentaranse como media, mediana, moda, desviación estándar e valores mínimo e máximo.

As preguntas cualitativas de carácter aberto, onde o participante relata libremente a súa concepción da Fisioterapia e a/s súa/s experiencia/s persoais con fisioterapeutas e compostores, deberán ser analizadas de maneira máis fragmentada. Dado que falamos de experiencias e opinións persoais, estas non poden ser analizadas en termos matemáticos e estatísticos sen especificar antes que é o que buscamos delas.

Polo tanto, nas preguntas *‘Como foi a súa experiencia co fisioterapeuta?’* e *‘Como foi a súa experiencia co compostor?’*, analizarase se o paciente fala acerca de:

- Se a experiencia foi positiva ou negativa.
- Se a experiencia foi dolorosa, agradable ou neutra.
- Se quedou ou non satisfeito/a coa experiencia.
- A clínica e o concello onde se realizou.
- Se menciona algún tipo de patoloxía en concreto.
- Se menciona algún tipo de tratamento en concreto.

- Comentarios e respostas abertas derivadas das dimensións anteriores.

E na pregunta *‘Que é para vostede a Fisioterapia?’*, tendo en conta a definición da Fisioterapia segundo a WCPT\*, analizarase se o paciente menciona ou non, e polo tanto se relaciona coa Fisioterapia, os seguintes termos:

- Métodos / actuacións / técnicas
- Medios físicos, ou un exemplo dos mesmos (electroterapia, masaxes, exercicio...)
- Curar / recuperar / prever / adaptar / rehabilitar / reacondicionar
- Disfuncións / lesións / patoloxías / enfermidade
- Saúde / benestar

*\* O conxunto de métodos, actuacións e técnicas que, mediante a aplicación de medios físicos, curan, preveñen, recuperan e adaptan a persoas afectadas de disfuncións somáticas, psicosomáticas e orgánicas ou ás que se desexa manter nun nivel axeitado de saúde*

Estes aspectos, os cales poden ser mencionados ou non polo participante, permitirán tanto complementar as preguntas cerradas, reafirmando variables xa abordadas nas mesmas, como aportar información extra que enriqueza a investigación. Serán analizados, ao igual que as preguntas cualitativas de carácter pechado, en forma de cifras absolutas e porcentaxes.

Todas estas variables mencionadas anteriormente serán analizadas tanto de maneira global como en función das características sociodemográficas da mostra:

**Táboa 2 – Características sociodemográficas da mostra**

<b>Sexo</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Feminino</li><li>- Masculino</li></ul>
<b>Idade</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- 15-30 anos</li><li>- 30-45 anos</li><li>- 45-65 anos</li><li>- &gt;65 anos</li></ul>
<b>Estudos</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Nulos</li><li>- Básicos</li><li>- Medios</li><li>- Superiores</li></ul>

**Profesión**

(en especial se nos atopamos cunha profesión predominante sobre as demais)

Polo tanto, cada unha das variables será analizada en función destas características, cuxo obxectivo será o de contrastar se existen diferenzas estatisticamente significativas entre ambos grupos.

## 6. CRONOGRAMA E PLAN DE TRABAJO

### 6.1. CRONOGRAMA

ANO	2020																															
MES	FEBREIRO				MARZO				ABRIL				MAIO				SETEMBRO				OUTUBRO				NOVEMBRO							
SEMANA	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4				
Recompilación de información																																
Captación de participantes																																
Programa de exercicio terapéutico																																
Realización das enquisas																																
Taller informativo																																
Análise dos resultados																																
Difusión dos resultados																																

## 6.2. PLAN DE TRABAJO

Durante os meses de febreiro, marzo, abril e maio realizarase a pescuda da información necesaria para o desenvolvemento do estudo.

A interacción cos habitantes do Ourovello comezará a primeira semana de setembro coa captación de participantes para o taller de fisioterapia preventiva. Debido á pouca extensión da aldea, irase de porta en porta informando aos habitantes da realización da actividade, resolvendo posibles dúbidas e buscando a súa participación. Explicaráselles a dualidade do programa, que contará cun programa de exercicio terapéutico e cunha formación teórico-práctica acerca da Fisioterapia e do movemento, repartido entre varias sesións. Ademais, informaráselles da posibilidade de colaborar paralelamente no estudo de investigación acerca da concepción que teñen da Fisioterapia os habitantes do Ourovello; explicaráselles o seu obxectivo, a súa metodoloxía e se lles entregará unha folla informativa (Anexo IV). Todos os suxeitos interesados en participar no estudo deberán cubrir o consentimento informado (Anexo V). En caso de seren menores de idade, os pais deberán firmar tamén outro consentimento informado complementario (Anexo VI).

Pautaranse dúas sesións de fisioterapia semanais, iniciándose a actividade a segunda semana de setembro co programa de exercicio terapéutico. Este programa terá unha duración de 30-45', onde se combinarán exercicios de forza, resistencia, equilibrio e flexibilidade, orientados principalmente a persoas da terceira idade. Unha vez rematado, tres suxeitos que accederan a colaborar no estudo quedarán un tempo extra co investigador, o cal lles entregará a enquisa acerca do seu coñecemento da Fisioterapia e estará presente para resolver calquera dúbida posible. Este proceso repetirase de tal maneira, de tres en tres persoas, ata completar os quince habitantes que compoñen o rúeiro do Ourovello. Polo tanto, esta intervención rematará ás 3 semanas de iniciarse a primeira sesión, mais engadiremos unha semana máis para completar o mes de taller de fisioterapia. Durante esta semana extra, iranse analizando paralelamente os resultados obtidos nas enquisas dos participantes.

Este programa de exercicio terapéutico desenvolverase ao longo de sete sesións. Na oitava, última sesión do estudo cos participantes, desenvolverase un taller teórico-práctico acerca da importancia da Fisioterapia, do movemento e do seu papel na promoción da saúde e da prevención da enfermidade.

Unha vez que todos os datos estean analizados, sacarase as conclusións que sexan pertinentes e procederase á súa difusión entre os meses de outubro e novembro do 2020.

## 7. ASPECTOS ÉTICO-LEGAIS

Para a realización deste proxecto solicitarase a súa aprobación á Rede de Comités de Ética da Investigación de Galicia (Anexo VII). Respetaranse en todo momento os principios éticos recollidos na Declaración de Helsinki da Asociación Médica Mundial (AMM).

En primeiro lugar, pasaráselles a todos os participantes unha folia con toda a información relevante acerca do estudo a realizar. Unha vez lida, e con todas as dúbidas posibles aclaradas, en caso de estaren dispostos a participar deberán manifestar a súa vontade por escrito a través dun documento de consentimento informado. En caso de seren menores de idade, os pais deberán firmar tamén outro consentimento informado complementario.

Todos os datos persoais dos participantes respectaranse segundo o establecido na Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal e a Lei 41/2002, básica reguladora da autonomía do paciente, dos dereitos e das obrigas en materia de información e documentación clínica.

## 8. APLICABILIDADE DO ESTUDO

Dado que o estudo centra a súa mirada no medio rural galego a través dunha pequena mostra como é o rueiro do Ourovello, aldea de unicamente quince habitantes, consideramos que a aplicabilidade deste estudo reside na súa realización a grande escala. Así, o análise dos resultados cobraría relevancia de podermos obter as experiencias e o coñecemento acerca da Fisioterapia de cada poboación e de cada núcleo rural galego.

Ademais, este estudo cobra importancia ao analizar os datos sociodemográficos de Galicia e da Galicia rural. Non nos esquezamos de que nos atopamos ante unha poboación onde anualmente o número de defuncións duplica o número de nacementos, e onde a poboación maior de 65 anos duplica tamén a poboación menor de 15.<sup>(21)</sup> Isto combínase cun forte despoboamento do rural: mentres que Galicia presenta máis de 30.000 entidades singulares de poboación (case a metade de todas as que existen en España), o número de aldeas deshabitadas non fai máis que medrar ano tras ano. Así, Galicia presenta actualmente máis de 2.000 aldeas abandonadas, ao mesmo tempo que ao redor de 4.400 núcleos se atopan nun forte risco de abandono, ao estaren habitados por dúas ou menos persoas.<sup>(22)</sup>

Polo tanto, consideramos que este estudo é pertinente e de interese para o colectivo de fisioterapeutas para coñecer o momento histórico e cultural no que se atopan estes núcleos de poboación, mais a súa realización podería poñer en evidencia os desastres sociodemográficos que está a sufrir o noso país, obxectivando unha poboación que ano tras ano se torna máis envellecida e menos rural.

## 9. PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS

Procurarase a divulgación dos resultados e conclusións obtidas neste estudo a través de congresos científicos e de revistas de Fisioterapia e de interese xeral.

Congresos:

- Congreso Nacional de Fisioterapia da AEF (Asociación Española de Fisioterapeutas)
- Congreso Nacional de Estudiantes de Fisioterapia de A Coruña (CNEF)

Revistas:

- Revista Fisioterapia (Elsevier)
- Revista de Fisioterapia Galega (COFIGA)
- Revista Adra (Museo do Pobo Galego)
- Revista Sermos Galiza (NÓS Diario)



## 10. MEMORIA ECONÓMICA

### 10.1. RECURSOS NECESARIOS

Os materiais necesarios para levar a cabo este estudo son:

#### Recursos materiais inventariables

- Ordenador portátil
- Proxector
- Gravadora
- Cadeiras
- Mesas

#### Recursos materiais funxibles

- Bolígrafos
- Fotocopias

#### Recursos materiais específicos para a investigación

- Sala de actividades do Concello de Paderne
- Pesas de 1kg
- Pesas de 2kg
- Pelotas de gomaespuma de diferentes tamaños
- Conos
- Aros

#### Recursos humanos

- Fisioterapeuta

## 10.2. DISTRIBUCIÓN DO PRESUPOSTO

**Táboa 3 – Distribución do presuposto**

	RECURSOS	CANTIDADE	CUSTO UNITARIO	CUSTO TOTAL
MATERIAL INVENTARIABLE	Ordenador portátil	1	500€	500€
	Proxector	1	150€	150€
	Gravadora	1	20€	20€
	Cadeiras	15	0€	0€
	Mesas	15	0€	0€
MATERIAL FUNXIBLE	Bolígrafos	15	0,30€	4,5€
	Fotocopias	135	0,03€	4€
MATERIAL ESPECIFICO	Pesas de 1 kg	30	5€	150€
	Pesas de 2 kg	30	6€	180€
	Pelotas de gomaespuma	15	3€	45€
	Conos	10	2€	20€
	Aros	15	3€	45€
RECURSOS HUMANOS	Fisioterapeuta	1	0€	0€

↓

**1118,5€**

## 11. BIBLIOGRAFÍA

1. Colegio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia [Internet]. COLEGIO OFICIAL DE FISIOTERAPEUTAS DE GALICIA. [citado 2 de mayo de 2020]. Disponible en: <https://www.cofiga.org/ciudadanos/fisioterapia/definicion>
2. Chillón Martínez, R., Rebollo Roldán, J., & Meroño Gallut, A. J. (2008). El pensamiento histórico-filosófico y los fundamentos científicos en el estudio de la fisioterapia. *Revista de Fisioterapia*, 7(2). :12.
3. Sahrman S. THE HOW AND WHY OF THE MOVEMENT SYSTEM AS THE IDENTITY OF PHYSICAL THERAPY. *Int J Sports Phys Ther.* noviembre de 2017;12(6):862-9.
4. Sahrman SA. The Human Movement System: Our Professional Identity. *Physical Therapy.* 1 de julio de 2014;94(7):1034-42.
5. Izquierdo, T. G. (2007). Bases teóricas y fundamentos de la fisioterapia. Ed. Médica Panamericana.
6. Chillón Martínez, R. (2008). La fisioterapia en España: 1957-2007. Estudio histórico comparativo desde el enfoque ciencia, tecnología y sociedad. (Tesis Doctoral Inédita). Universidad de Sevilla, Sevilla.
7. Raposo Vidal I, Fernández Cervantes R, Martínez Rodríguez A, Sáez Gómez JM, Chouza Insua M, Barcia Seoane M. La Fisioterapia en España durante los siglos XIX y XX hasta la integración en escuelas universitarias de Fisioterapia. *Fisioterapia.* enero de 2001;23(4):206-17.
8. Chamorro Rebollo E, Siles González J, Díaz Pérez C, Álvarez López Ó. 60 años de la aprobación del título de Fisioterapia y de la primera escuela de Fisioterapia reconocida, la de Salus Infirmorum en el centro infantil. *Asclepio.* 20 de diciembre de 2018;70(2):233.
9. Marhuenda, J. V. T. (2010). La poliomiélitis en España (1880-1970) y su impacto sobre el desarrollo de las técnicas en fisioterapia (Doctoral dissertation, Universidad Miguel Hernández de Elche).
10. Historia de la Asociación Española de Fisioterapeutas [Internet]. [citado 2 de mayo de 2020]. Disponible en: <http://www.aefi.net/LaAEF/Historia.aspx>
11. Colegio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia [Internet]. COLEGIO OFICIAL DE FISIOTERAPEUTAS DE GALICIA. [citado 3 de mayo de 2020]. Disponible en: <https://www.cofiga.org/colegio/constitucion>
12. Freire P. Menciñeiros, saludadores e compoñedores. Los sanadores en la medicina popular de Galicia. España: Era; 2006.
13. Spector RE. Las culturas de la salud. Pearson - España; 2002. 192 p.

14. Rodríguez Cabanas A. A cultura tradicional galega desaparecida. A vida no Ourovello (Paderne, A Coruña) 1950-2000. Asociación Cultural Libre de Paderne Roxín Roxal. Paderne, España; 2014.
15. Rodríguez Cabanas A. O Ourovello. O que medio século levou. 1950-2000. Concello de Betanzos. Paderne, España; 2001.
16. Rodríguez Cabanas MF. Lembranzas dunha vida. García Ramos, José Manuel. 2013.
17. Guía de Servizos [Internet]. [citado 9 de junio de 2020]. Disponible en: <https://tsinternet.sergas.es/TSInternet/ConsultaGuiaMunicip.servlet?integrado=S&sector=&CAMBIO=1&consultorio=583&provincia=15&municipio=064>
18. Concello de Paderne | Empresas [Internet]. [citado 9 de junio de 2020]. Disponible en: <http://concellodepaderne.com/pages/empresas>
19. Pacheco da Costa, S. (2011). La influencia del Ejercicio Terapéutico en la Calidad de Vida de las personas mayores.
20. Vinyoles Bargalló E, Vila Domènech J, Argimon Pallàs JM, Espinàs Boquet J, Abos Pueyo T, Limón Ramírez E. Concordancia entre el Mini-Examen Cognoscitivo y el Mini-Mental State Examination en el cribado del déficit cognitivo. Atención Primaria. 2002;30(1):5-13.
21. IGE - Instituto Galego de Estatística [Internet]. [citado 1 de junio de 2020]. Disponible en: <https://www.ige.eu/web/index.jsp?idioma=gl>
22. Pena MP. Aquí no hay quien viva: Galicia suma ya 2.000 aldeas abandonadas y 2.400 con un habitante o dos [Internet]. eldiario.es. [citado 3 de junio de 2020]. Disponible en: [https://www.eldiario.es/galicia/Galicia-aldeas-abandonadas-aumento-ultima\\_0\\_996701102.html](https://www.eldiario.es/galicia/Galicia-aldeas-abandonadas-aumento-ultima_0_996701102.html)

## 12. ANEXOS

### ANEXO I – Estratexia de busca

Esta busca realízase entre o 20 de febreiro e o 1 de abril do 2020.

#### PUBMED

Ecuación de busca	((("History"[Mesh] OR "history" [Subheading] OR "History, 21st Century"[Mesh] OR "History, 20th Century"[Mesh] OR "History, 19th Century"[Mesh])) AND ("Physical Therapy Modalities"[Mesh] OR "Physical Therapy Specialty"[Mesh] OR "Physical Therapy Department, Hospital"[Mesh] OR "Physical Therapist Assistants"[Mesh])) AND "Spain"[Mesh]
Filtro	-
Resultados obtidos	12
Artigos seleccionados	0

#### COCHRANE

Ecuación de busca	<i>TITLE-ABS-KEY:</i> "History" OR "History, 21st Century" OR "History, 20th Century" OR "History, 19th Century" AND "Physical Therapy Modalities" OR "Physical Therapy Specialty" OR "Physical Therapy Department, Hospital" OR "Physical Therapist Assistants" AND "Spain" AND <i>RECORD TITLE:</i> "History"
Filtro	-
Resultados obtidos	15
Artigos seleccionados	0

### **SCOPUS**

Ecuación de busca	TITLE-ABS-KEY ("history" AND "physical AND therapy" OR "physiotherapy" AND "spain" )
Filtro	Categoría <i>Health Professions</i>
Resultados obtidos	6
Artigos seleccionados	0

### **WEB OF SCIENCE**

Ecuación de busca	TS=(History) AND TS=(physiotherapy) OR TS=(physical therapy) AND TS=(Spain) AND TI=(history)
Filtro	Rexión <i>Spain</i>
Resultados obtidos	40
Artigos seleccionados	<b>1</b>

### **PEDRO**

Ecuación de busca	"History" AND "Physical therapy" AND "Spain"
Filtro	-
Resultados obtidos	0
Artigos seleccionados	0

Ecuación de busca	"History" AND "Physical therapy"
Filtro	-
Resultados obtidos	70
Artigos seleccionados	0

### **GOOGLE ACADÉMICO**

Ecuación de busca	"Historia" + "Fisioterapia" + "España"
Filtro	-
Resultados obtidos	26.400
Artigos seleccionados	<b>12</b>

**ANEXO II – Programa de exercicio terapéutico**

BLOQUE	TRABALLO ESPECÍFICO	EXEMPLO DE EXERCICIOS
QUENCEMENTO E MOBILIDADE ARTICULAR	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Marcha libre</li> <li>▪ Mobilización articular libre: Cervical, ombro, cóbado, pulso, coxa, xeonllo e nocellos.</li> </ul>	
FORZA-RESISTENCIA	<b>Membro superior</b>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Antepulsións de ombro</li> <li>▪ Rotacións de ombro</li> <li>▪ ABD de ombro</li> <li>▪ Flexoextensións de cóbado</li> <li>▪ Flexoextensións de pulso e dedos</li> </ul>	<p>Antepulsións e ABD de ombro e flexoextensións de cóbado con pesas de 1 e 2 kg.</p> <p>Rotacións de ombro pasando a pelota dunha man a outra por detrás das costas ou por detrás da nuca</p> <p>Flexoextensións de pulso e dedos con pelotas de gomaespuma.</p>
	<b>Membro inferior</b>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Flexoextensións de coxa</li> <li>▪ ABD de coxa</li> <li>▪ Flexoextensións de xeonllo</li> <li>▪ Flexións de nocello</li> </ul>	<p>En sedestación, flexións de coxa e extensións de xeonllo, paso de sedestación a bipedestación.</p> <p>En bipedestación con agarre na cadeira, extensións e ABD de coxa, poñerse de 'puntillas', marcha no sitio, semisentadilla.</p>
	<b>Tronco</b>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Musculatura abdominal</li> </ul>	Traballo de abdominais e oblicuos en sedestación.
EQUILIBRIO E AXILIDADE	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Equilibrio bipodal</li> <li>▪ Equilibrio monopodal</li> <li>▪ Traslados de peso</li> <li>▪ Reaccións cognoscitivo-motoras</li> </ul>	<p>En bipedestación, con agarre na cadeira, traslado de peso entre unha perna e outra e apoio nunha soa perna.</p> <p>Circuíto de obstáculos, asociar o color dun aro-pelota cunha acción...</p>
ESTIRAMENTOS E VOLTA A CALMA	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cervical</li> <li>▪ Tríceps</li> <li>▪ Ombro</li> <li>▪ Carpo e dedos</li> <li>▪ Musculatura lateral tronco</li> <li>▪ Cadea posterior do MMII</li> </ul>	

\* Trátase dun cadro esquemático acerca dos aspectos que se desexan tratar a través do programa de exercicio terapéutico. A súa confección final realizarase e adaptarse en función das características da mostra.



**ANEXO III** – Enquisa para valorar o coñecemento dos participantes acerca da Fisioterapia e as súas experiencias con fisioterapeutas e compostores.

### **ENQUISA ACERCA DO COÑECEMENTO XERAL DE FISIOTERAPIA NUNHA POBOACIÓN RURAL**

Breve enquisa de 23 ítem onde se lle realizarán preguntas acerca da Fisioterapia, da figura do fisioterapeuta, da figura do compositor e da súa experiencia con eles.

SEXO:

IDADE:

ESTUDOS:

PROFESIÓN:

en caso de estar xubilado, indicar a profesión antes da xubilación:

#### **BLOQUE I – Experiencias con fisioterapeutas**

**1/ Sabe Vde. o que é un fisioterapeuta?**

- Si
- Non

**2/ Acudiu algunha vez a un fisioterapeuta?**

- Si
- Non

En caso de responder Non, avance á pregunta nº10.

**3/ Cantas veces acudiu ao longo da súa vida?**

- 1-2 veces
- 3-4 veces
- 5 veces ou máis

**4/ Acudiu a un fisioterapeuta privado, a través dunha mutua ou clínica privada, ou a un fisioterapeuta público, a través dos servizos do SERGAS?**

- Público
- Privado
- Ambos

**5/ Por que razón acudiu ao fisioterapeuta?**

- Recomendoume/derivoume o médico
- Recomendoume un amigo/familiar
- Lino nun libro/revista/en internet
- Publicidade
- Por vontade propia
- Outra razón: \_\_\_\_\_

**6/ Conte como foi a experiencia.**

---

---

---

---

---

---

---

**7/ Considera que a Fisioterapia conseguiu mellorar o/s seu/s problema/s?**

- Para nada
- Un pouco
- Bastante
- Totalmente

**8/ Do 0 ao 10, sendo 0 unha experiencia pésima e 10 unha experiencia inmellorable, como valora a súa experiencia coa Fisioterapia?**

**9/ Volvería a recorrer á Fisioterapia? Se é así, en que situación?**

- Si
- Non
- Ns/Nc

---

---

---

---

---

---

**BLOQUE II – Experiencias con compostores**

**10/ Sabe Vde. o que é un compostor?**

- Si
- Non

**11/ Acudiu algunha vez a un compostor?**

- Si
- Non

En caso de responder Non, avance á pregunta nº 14.

**12/ Conte como foi a experiencia.**

---

---

---

---

---

---

**13/ Considera que o compostor conseguiu mellorar o/s seu/s problema/s?**

- Para nada
- Un pouco
- Bastante
- Totalmente

**14/ Considera que o compostor e o fisioterapeuta realizan un traballo semellante?**

- Si
- Non
- Ns/Nc

### BLOQUE III – Cuestións xerais de Fisioterapia

**15/ Considera Vde. que sabe o que é a Fisioterapia?**

- Si
- Non
- Ns/Nc

**16/ Con que relaciona a Fisioterapia? (pódense escoller varias respostas)**

- Enfermería
- Medicina
- Farmacia
- Rehabilitación
- Tratamento natural con medios físicos
- Masaxista
- Quiropraxia

**17/ Sobre que disfuncións cree que actúa a Fisioterapia? (pódense escoller varias respostas)**

- Dolor
- Ósos
- Músculos
- Nervios
- Tendóns
- Ligamentos
- Problemas respiratorios
- Incontinencia

**18/ Con que técnicas de tratamento relaciona a Fisioterapia? (pódense escoller varias respostas)**

- Masaxe
- Exercicio
- Manipulacións
- Electroterapia/correntes
- Hidroterapia
- Acupuntura
- Vendaxes
- Outras: \_\_\_\_\_

**19/ Está de acordo coa seguinte frase?**

***A principal técnica que utilizan os fisioterapeutas nos seus tratamentos é o masaxe.***

- Si
- Non
- Ns/Nc

**20/ Está de acordo coa seguinte frase?**

***Nunha lesión musculoesquelética, canto máis descanso e inmovilización, mellor curará.***

- Si
- Non
- Ns/Nc



## ANEXO IV – Folla informativa para participantes

### FOLLA INFORMATIVA PARA PARTICIPANTES

Título do estudo	O coñecemento acerca da Fisioterapia no mundo rural galego
Investigador principal	Diego Maceira Saya
Lugar de realización	Centro de Maiores da Casa Consistorial

#### INTRODUCCIÓN

A presente folla ten como obxectivo ofrecerlle toda a información necesaria acerca do estudo que se pretende realizar. Léaa detidamente e contáctenos se presenta algún tipo de dúbida.

Recorde que a participación neste estudo é voluntaria, e como tal, tamén o poderá abandonar voluntariamente cando vostede o desexe, sen ter que dar ningunha explicación e sen que isto repercuta sobre vostede en ningún aspecto.

#### OBXECTIVO DO ESTUDO

O obxectivo deste estudo é o de realizar unha investigación acerca das experiencias e da concepción que ten a sociedade rural galega do mundo da Fisioterapia. Para a realización deste estudo, a mostra escollida foi a poboación total do Ourovello, e polo tanto cada un dos habitantes poderá participar libremente no mesmo.

#### DESCRIPCIÓN DO ESTUDO

O estudo consta de dúas partes.

Por un lado, ofréceselles aos integrantes do estudo a posibilidade de participar nunhas sesións de fisioterapia gratuítas, onde se impartirá unha formación teórico-práctica dun Programa de Promoción da Saúde. O obxectivo será concienciar aos participantes da importancia e dos beneficios da Fisioterapia e do movemento, ao mesmo tempo que se pretende mellorar a forza, a resistencia, o equilibrio e a flexibilidade dos habitantes do Ourovello a través dun programa de exercicio terapéutico.

A segunda parte do estudo será a realización dunha enquisa onde se abordarán diferentes aspectos e temáticas, a cal servirá ao investigador para coñecer a concepción e as experiencias relativas ao mundo da Fisioterapia de cada participante.

## **DURACIÓN DO ESTUDO**

O estudo terá unha duración aproximada dun mes, entre setembro e outubro do 2020. Pautaranse dúas sesións de fisioterapia á semana (martes e xoves), cada unha dunha duración aproximada de 45 minutos, ata completar catro semanas (8 sesións en total). Realizarase no Centro de Maiores da Casa Consistorial de Paderne.

Iniciarase o martes 15 de setembro do 2020 co programa de exercicio terapéutico, o cal se prolongará ata a penúltima sesión, e onde se traballarán exercicios de forza, resistencia, equilibrio e flexibilidade. Ao final de cada sesión, procederase á realización das enquisas; cada día, tres participantes do estudo quedarán un tempo extra para contestar unha serie de preguntas acerca da Fisioterapia. A súa duración non levará máis de 30 minutos.

O estudo rematará o xoves 8 de outubro do 2020, día no que se impartirá unha docencia teórico-práctica acerca dos beneficios da Fisioterapia e do movemento.

Durante esa mesma semana, analizaranse paralelamente os resultados obtidos nas enquisas.

## **CONFIDENCIALIDADE**

Todos os datos obtidos e recollidos durante este estudo serán tratados de acordo ao estipulado na Lei de Protección de Datos (Lei Orgánica 15/1999 do 13 de Decembro).

## **CONTACTO EN CASO DE DÚBIDAS**

Se precisa obter máis información acerca do estudo ou presenta algunha dúbida con respecto ao mesmo, póñase en contacto co investigador principal: Diego Maceira Saya (d.maceira@udc.es).



## ANEXO V – Consentimento informado dos participantes

### **Título do estudo:**

O coñecemento acerca da Fisioterapia no mundo rural galego: Un proxecto de investigación

A ter en conta:

- Lin e comprendín o documento informativo do estudo.
- Recibín a suficiente información acerca do estudo.
- Puiden realizar preguntas sobre o estudo e falar co investigador do mesmo, resolvendo todas as dúbidas posibles.
- Comprendo que a miña participación é voluntaria, e que en calquera momento, por decisión propia, podo abandonar o estudo cando queira e sen ter que dar explicacións.

Así pois, eu, D / D<sup>a</sup> ....., con DNI ..... acepto a participar no presente estudo, tendo en conta todas as consideracións anteriores.

Paderne, a ....., de ..... de 2020

Firma do participante

Firma do investigador principal

## ANEXO VI – Consentimento informado para os pais ou titor/es dos participantes menores de idade

Informámoslle de que o seu fillo/a foi seleccionado para a participación no estudo 'O coñecemento acerca da Fisioterapia no mundo rural galego: Un proxecto de investigación', que se levará a cabo en Paderne entre os meses de setembro e outubro do 2020. Achégase un documento informativo con toda a información referente ao estudo.

A ter en conta:

- Lin e comprendín o documento informativo do estudo.
- Recibín a suficiente información acerca do estudo.
- Puiden realizar preguntas sobre o estudo e falar co investigador do mesmo, resolvendo todas as dúbidas posibles.
- Comprendo que a participación do meu fillo/a é voluntaria, e que en calquera momento poderá abandonar o estudo cando queira e sen ter que dar explicacións.

Así pois, eu, D / D<sup>a</sup> ....., con DNI ....., pai / nai / titor legal de ....., con DNI ....., acepto que o meu fillo/a participe no presente estudo, tendo en conta todas as consideracións anteriores.

Paderne, a ....., de ..... de 2020

Firma do pai / nai / titor legal

Firma do investigador principal

## ANEXO VII – Carta de presentación de documentación á Rede de Comités de Ética da Investigación de Galicia



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE

Xerencia do Servizo  
Galego de Saúde

galicia

### CARTA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN Á REDE DE COMITÉS DE ÉTICA DA INVESTIGACIÓN DE GALICIA

D/D\*:

Diego Maceira Saya

con teléfono:

e correo electrónico:

d.maceira@udc.es

**SOLICITA** a avaliación de:

- Estudo novo de investigación  
 Resposta ás aclaracións solicitadas polo Comité  
 Modificación ou Ampliación a outros centros dun estudio xa aprobado polo Comité

**DO ESTUDO:**

Título:

O coñecemento acerca da Fisioterapia no mundo rural galego: Un proxecto de investigación

Promotor:

Universidade da Coruña

MARCAR se o promotor é sin ánimo comercial e confirma que cumpre os requisitos para a exención de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia (mais información na web dos comités)

Tipo de estudio:

- Ensaio clínico con medicamentos  
 Investigación clínica con produto sanitarios  
 Estudio Posautorización con medicamento de seguimento Prospectivo (EPA-SP)  
 Outros estudos non catalogados nas categorías anteriores.

Investigadores e centros en Galicia:

Diego Maceira Saya

Facultade de Fisioterapia - Universidade da Coruña

E xunto envío a documentación en base aos requisitos que figuran na web da Rede Galega de CEIs, e me comprometo a ter dispoñibles para os participantes os documentos de consentimento aprobados en galego e castelán.

Data:

02/06/2020

Sinatura:

Rede de Comités de Ética da Investigación  
Xerencia. Servizo Galego de Saúde